

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 31 DE MAIO DE 2023.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trinta e un de maio de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa en funcións , D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras en funcións: D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

Aprobación das actas das Xuntas de Goberno Local ordinarias do 3, 10 e 18 de maio de 2023.

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase denegar a licenza urbanística para a construción de galpón con pilares aberto polos catro ventos, en Trambosríos, número 43. (exp: 2022/Y001/000090).

Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para readaptación e ampliación de vivenda unifamiliar, sita na rúa Nova, número 63. (exp: 2022/Y001/000020); para instalación de ascensor, situándose na fachada exterior con acceso dende o local comunitario da planta baixa e co desembarco nas galerías privativas das plantas primeira e segunda, no inmovible da rúa Garaballa de Arriba, número 14 (2023/Y001/000052) e para rehabilitación e ampliación en planta baixa e alta de vivenda unifamiliar, no núcleo rural tradicional do PXOU de aplicación, O Fondal-O Portiño (exp: 2022/Y001/000051).

Tamén se acorda a toma razón da sentenza nº 85/2023, dictada pola Sala do Contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, no recurso contencioso-administrativo número 131/2021, contra o acordo de outorgamento da lcenza urbanística, expte 103/16, para a legalización de obras de reforma integral no piso primeiro e cambio de uso de vivendas a oficinas, no edificio sito na rúa San Marcos, numero 19 (expte: 103/16).

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac7876343158845876592.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 31-5-2023

### ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

**2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a adxudicación do contrato mixto de obras, subministración e servizo consistente na realización do “Proyecto de ejecución de parque de juegos en la plaza del Castiñeiro”. (exp. ref. 2023/C004/000001)

Tamén se acorda a adxudicación na contratación do servizo de soporte, mantemento e actualización de contidos e de software da plataforma de venda de entradas do Concello de Lugo (exp. ref. 2023/C003/000005).

Acórdase a adxudicación na contratación dun servizo para a redacción do proxecto de reurbanización da praza da Constitución de Lugo, (exp. ref. 2023/C003/000012).

Do mesmo xeito, acórdase a adxudicación da contratación dun servizo de mantemento preventivo e correctivo de plataformas aéreas de persoas do Concello de Lugo, (exp. ref. 2023/C003/000014)

Así mesmo, acórdase a adxudicación na obra de “renovación de instalación de alumado nas rúas das Hermanitas, río Neira, Cidade de Vigo, Dinán e praza de Breaña”, (exp. ref. 2022/c002/000033).

Acórdase a rectificación do acordo da Xunta de Goberno Local, número 2/304 - versión galega - de data 26.05.2023, polo que se aproba a contratación da obra “mellora e renovación da iluminación do Parque Rosalía de Castro e costas do Parque, Lugo”, incluído no programa operativo Feder Orde Hap/2427/2015, do 13 de novembro, con financiamento do 80% (exp. ref. 2023/C002/000005) por erro de transcripción no antecedente primeiro.

**3. PERSOAL.-** Acórdase a permuta dun posto de policía local no Concello de Lugo por un posto de policía local no Concello de A Coruña.

### ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

**4. EDUCACIÓN.-** Acórdase a aprobación das bases polas que se regula a concesión de subvencións a familias con escasos recursos para a adquisición de libros de texto e material educativo no segundo ciclo de educación infantil para o curso escolar 2023-2024.

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa en funcións Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local en funcións, don Miguel Fernández Méndez.**